PARTICIPACIÓN CON MOSTRA DE SALIVA

En caso de ser seleccionado para participar a través de mostra de saliva:

1. Cada participante recibirá por SMS unha invitación que conterá unha ligazón para acceder a este portal onde se atopa toda a información relevante sobre a participación en Xenoma Galicia, así como un teléfono de contacto para resolver todas as dúbidas.

2. Se decide participar, poderá auto rexistrarse neste portal inserindo o seu DNI e o código alfanumérico único que recibirá no SMS de invitación.
Se decide non participar poderá acceder do mesmo xeito ao portal, onde deberá indicar que rexeita a participación.

3. No caso de que acceda a participar, seguidamente deberá revisar os seus datos e a dirección na que solicita sexa enviada a documentación de participación no proxecto Xenoma Galicia e o kit de auto recollida de mostra de saliva. Por defecto aparecerá a dirección que consta asociada a súa tarxeta sanitaria, pero vostede poderá modificala indicando a dirección que considere oportuna.

Inscríbete e participa (ou rexeita a túa participación) no piloto de Xenoma Galicia

4. Unha ver rexistrado, recibirá na dirección indicada un sobre cunha carta de invitación, as follas de información para o participante e dúas copias dun documento de consentimento informado que deberá ler detidamente e asinar, un kit de recolección de saliva, un documento informativo sobre como recoller a saliva e onde depositar a súa mostra e una bolsa zip.

CONSENTIMENTO INFORMADO

5. Cando reciba o kit, deberá seguir as instrucións que o acompañan para recoller a mostra de saliva. Este procedemento levaralle un par de minutos e non conleva molestias físicas de ningún tipo.

6. Insira o tubo de mostra de saliva ben pechado xunto cunha copia do consentimento cuberto e asinado na bolsa zip que se lle facilitou e peche a bolsa, acuda ao seu centro sanitario de referencia e depositeo no caixón do proxecto Xenoma Galicia que atopará alí.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

Inscrición no proxecto Xenoma Galicia (con invitación por SMS)

7. A participación no proxecto poderá ser confirmada nun prazo non superior a un mes dende a entrega da mostra, revisando en É-Saúde, preguntando ao seu médico que poderá verificalo na súa historia clínica ou ben solicitándoo nos puntos de atención ao paciente do hospital de referencia.